

ACTA N° 20

En Madrid, sendo as 12:00 horas do día 28 de decembro de 2004, reúnen-se na sede social da ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE COMPAÑÍAS PRIVADAS DE SERVICIOS DE SEGURIDAD (APROSER), Calle Marqués de Urquijo 5, 2º A., dunha parte os representantes das asociacións empresariais, AMPES, APROSER e FES, así como os representantes dos sindicatos CCOO, CIG, UGT e USO, acordando o seguinte:

1º.- Por parte da representación empresarial expónse a análise da última proposta presentada pola representación sindical na reunión do día 21 de decembro, tendo como resultado que os incrementos de custos para as categorías de vixilante condutor, vixilante de seguridade de transporte e contador-pagador, son do 7,33%, 7,48% e 8,38% respectivamente para o primeiro ano, e para o resto de anos superiores a dous puntos sobre o IPC real para as dúas primeiras categorías e superiores en tres puntos sobre o IPC real para o contador-pagador.

Como consecuencia desta valoración económica, a representación empresarial entende que a proposta sindical non pode ser aceptada, solicitando que esta sexa reconsiderada, xa que non resulta xustificado un incremento de custos en tales porcentaxes, tendo en conta os asumidos por esta parte o resto dos traballadores, en todo caso superiores en punto e medio ao IPC previsto para o ano 2004.

2º.- Por parte de UGT maniféstase que se mantén na proposta dos sindicatos UGT. CC.OO e USO, recollida na acta número 19, do 21 de decembro.

3º.- Por parte de CC.OO maniféstase que, tendo en conta o desenvolvemento da negociación colectiva e os últimos acontecementos acaecidos no sector, considera preciso realizar unha consulta, tanto aos traballadores do sector como ao nivel interno, para marcar as liñas que seguirá esta organización na Mesa de Negociación.

4º.- Por parte de USO maniféstanse dúas cuestións. En primeiro lugar, que mantén as medidas de presión acordadas polos sindicatos UGT, CC.OO e USO e, en segundo lugar, que dado o curso que tomou a negociación colectiva, esta central sindical convocará en breves días os seus órganos competentes para decidir a posición que manterá en futuras reunións da Mesa Negociadora do Convenio.

5º.- Por parte de CIG maniféstase que, a pesar de que a nosa central sindical xa manifestou a súa postura en reiteradas ocasións, entende como totalmente lóxico e razoábel que, en vista dos acontecementos, se realice un receso na negociación.

6º.- Fíxase a próxima reunión da Comisión Negociadora do Convenio para o mércores 12 de xaneiro ás 12.00 horas na sede de APROSER.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, coa sinatura dos asistentes, en proba da súa conformidade co contido desta.